

RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO TRAS A REALIZACIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZAS DE ORDENANZA NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO

Transcorrido o prazo para a realización das alegacións á resolución da puntuación acordada á fase concurso e á vista de que non se presentaron alegacións por parte de ningún aspirante, as puntuacións definitivas quedan establecidas do seguinte xeito:

Aspirante	DNI	Experiencia Profesional	Outros méritos				Total Puntuación
			Superación Procesos Selectivos	Cursos de formación	Coñecemento lingua galega	Titulación superior, master ou postgrao	
ACUÑA NÚÑEZ, PABLO	***7827**	90	4	4	0.75	-	98.75
SOTO MARTÍNEZ, FRANCISCO JAVIER	***7006**	9.15	-	0.8	1	0.5	11.45

Francisco Javier Soto Martínez co DNI ***7006** queda excluído deste proceso, xa que non presentou a documentación requirida (recoñecemento da discapacidade superior ao 33%) requisito esencial esixido para participar neste proceso selectivo, segundo as bases do devandito proceso, polo que non poderá pasar a formar parte dunha lista de reserva en caso de necesidade.

En consecuencia, o Tribunal cualificador propón o nomeamento ante a Alcaldía, como persoal laboral fixo do Concello de Salvaterra de Miño co obxecto da cobertura dunha praza de Ordenanza a:

Pablo Acuña Núñez co DNI ***7827**

O interesado debe presentar, no prazo establecido ao efecto, a documentación á que se refire a base 10ª das que rexen a convocatoria.

DÉCIMA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

A persoa ou persoas aspirantes propostas achegará a administración municipal, no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de persoas aprobadas, os documentos seguintes:

1. Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o Desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

2. Declaración de non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración



xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

3. Declaración responsable de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

3. Fotocopia da tarxeta sanitaria.

As persoas aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes da Administración titular da competencia nesta materia que acredite tal condición e, igualmente, deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Quen tivese a condición de funcionario público de carreira non terá que xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, unicamente deberá presentar certificación da Administración Pública da que dependese, que acredite tal condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folia de servizos.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª non poderán ser nomeados persoal do Concello e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

Contra o presente acordo adoptado polos membros do tribunal poderá interpoñer recurso administrativo de alzada ante a Alcaldía do Concello de Salvaterra de Miño, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Documento asinado dixitalmente

